



CEIP Antonio Insua Bermúdez

[Versión 1.0_ xuño 2022]

Índice do Plan Dixital

1. Introdución

- 1.1. Datos básicos do centro
- 1.2. Contextualización do plan dixital no centro. Contribución ao Proxecto Educativo do Centro
- 1.3. Breve xustificación do mesmo
- 1.4. Proceso de elaboración

2. Situación de partida

- 2.1. Infraestrutura, equipamento e servizos dixitais
- 2.2. Fontes empregadas para a análise DAFO
- 2.3. Análise DAFO

3. Plan de Acción

- 3.1. Obxectivos, indicadores e accións
- 3.2. Necesidades de equipamento e de infraestruturas tecnolóxicas

4. Avaliación do PD

- 4.1. Seguimento do Plan de Acción
- 4.2. Propostas de mellora (revisión)

5. Difusión do PD

1. Introducción

1.1. Datos básicos do centro

Centro: CEIP Antonio Insua Bermúdez.

Código de Centro : 27013338.

Dirección: Rúa Cuart de Poblet S/N. Código Postal 27800. Vilalba. Lugo

Correo Electrónico : ceip.antonio.insua@edu.xunta.gal

Teléfonos: 982-82 81 48 / 982-82 81 50 / 982-82 81 52. **UACO:** 982828151

Web do centro: <http://www.edu.xunta.gal/centros/ceipantonioinsua/>

Etapas Educativas:

- **3 Unidades de Educación Infantil.**
- **12 Unidades de Educación Primaria.**
- **1 Unidade de Educación Especial.**

Número de Alumnado: 334

Número de Mestres: 29

1.2. Contextualización do Plan Dixital no centro. Contribución ao Proxecto Educativo do Centro

O CEIP Antonio Insua Bermúdez está emprazado na vila de Vilalba. Esta vila forma parte da chaira lucense e está adicada fundamentalmente ao sector primario de produción agrícola e gandeira. Dende o punto de vista socio-xeográfico o único que se pode considerar como núcleo semiurbano é a capital municipal pero o que predomina é a configuración rural e diseminada.

Na análise da composición social ou procedencia económica das familias verificamos que unha porcentaxe moi alta pertence a unha clase social medio-baixa, adicándose os pais/nais a traballar no sector terciario, como autónomos ou nas industrias dos concellos limítrofes. Nos últimos anos, incrementouse significativamente o número de inmigrantes procedentes de Europa do leste, Marrocos e América do Sur. Esta realidade social e cultural dá lugar a unha situación económica complexa.

A maioría do noso alumnado ten como lingua materna o galego aínda que existe unha porcentaxe importante de castelán falantes. A lingua vehicular no centro é o galego, aínda que comeza a chegar alumnado que fala diferentes idiomas, incluso temos un grupo considerable de alumnado que non domina nin o galego nin o castelán, que so falan árabe, rumano ou bereber.

A competencia dixital é unha realidade na nosa sociedade dende hai uns anos e no noso centro, o CEIP Antonio Insua Bermúdez, queremos contribuír a que esto tamén sexa unha realidade no centro.

O Proxecto Educativo do noso centro tenta que todas as accións cotiás estean dirixidas a fomentar, dende todas as áreas, unha serie de valores entre o alumnado como son a inclusión, a igualdade, a tolerancia, a prevención de calquera tipo de violencia e a non discriminación por razón de raza, relixión, sexo, nacionalidade ou ningunha outra. Ademais disto, unhas das principais finalidades que perseguimos é fomentar que o alumnado teña unha aprendizaxe para a vida futura, que é un aspecto básico na súa

formación, é por isto que as aprendizaxes relacionadas coas tecnoloxías posibilitarán un achegamento ao que se van atopar ao longo da súa vida laboral, social e familiar.

No noso centro levamos uns anos traballando con proxectos vencellados á competencia dixital como medio de desenvolvemento: PLAMBE, E-Dixgal, Digicraft, Contratos - Programa... e estes son unha mostra do interese que o noso centro ten pola formación tecnolóxica.

Este plan dixital pretende contribuír á Programación Xeral Anual do curso 2022/2023 mediante a continuación dos plans vixentes anteriormente citados, coa implementación de actividades de carácter dixital nas aulas e co incremento da competencia dixital en todos os membros da comunidade educativa.

1.3. Breve xustificación do mesmo

A contextualización legal a ter en conta para a elaboración deste Plan Dixital é a seguinte:

- Art. 111 bis, Art. 121 e Art. 132 da LOE 2/2006, de 3 de maio, de Educación
- Disposición adicional quinta da Resolución do 17 de xuño de 2021, da Secretaría Xeral de Educación e Formación Profesional, pola que se ditan instrucións para o desenvolvemento das ensinanzas de EI, EP, ESO e bacharelato no curso académico 2021-2022
- Disposición adicional terceira da Resolución do 18 de xuño de 2021, da Secretaría Xeral de Educación e Formación Profesional, pola que se ditan instrucións para o desenvolvemento dos ciclos formativos de FP do sistema educativo no curso 2021- 2022
- Resolución do 3 de setembro de 2021, da Secretaría xeral de Educación e Formación Profesional, pola que se ditan instrucións para o deseño, elaboración e implementación do Plan Dixital nos centros docentes sostidos con fondos públicos da Comunidade Autónoma de Galicia para o curso 2021-2022

1.4. Proceso de elaboración

Para a elaboración do Plan Dixital organizamos no noso centro un PFPP, neste Plan de Formación existen dúas liñas de traballo, unha en Moodle e outra do Plan Dixital. Para elaborar este Plan Dixital concretamos un Grupo de Traballo de 20 horas co profesorado, co Equipo Directivo e co Equipo TICS, 8 mestras e mestres implicados máis directamente. A posteriori o resto do Claustro aportou reflexións e suxerencias a este proxecto.

O coordinador TICS foi secuenciando a carga de traballo, este foi un proceso moi guiado en todo momento polo equipo ADIX-1 Lugo, e simplemente fomos cumprindo os prazos dos traballos que nos foron marcando para as diferentes tarefas: test Selfie, test CDD, análise DAFO e por fin a elaboración do Plan Dixital.

2. Situación de partida

2.1. Infraestrutura, equipamento e servizos dixitais

Infraestrutura:

- O centro dispón de boa conectividade a nivel xeral. Dispoñíamos de conexión por cable en case todas as aulas e a conectividade era boa.

- Temos 14 puntos wifi, instalados neste curso por AMTEGA, repartidos polo centro.
- A instalación eléctrica do centro é deficiente. En cursos pasados tivo que ser renovada, aínda así amosa un consumo regular, xa que hai cables visibles e faltan enchufes.

Equipamento:

- Todas as aulas: 3 de Infantil e 8 de 12 de Primaria contan con PC portátil ou de sobremesa con PDI Multiclass Android, Ebeam ou Smartboard. 3 Aulas de Primaria: 2^o A e B e os 4^o A e B teñen problemas coa PDI ou co canón.
- 4 Aulas de Primaria contan coa equipación do Proxecto Edixgal: Canón, PDI, Portátil e carro de carga e 6 convertibles de reserva ou substitución. 6 mestres contan con Portátil en cesión de E-DIXGAL.
- 2 Aulas de PT, 1 aula de Audición e Linguaxe e 1 Aula Específica de Educación Especial contan con equipos actualizados e sistema PDI. A maioría por PDI MultiClass Android.
- Na biblioteca contamos con ordenador e proxector. Cómpre renovalos.
- 4 Equipos de xestión e administración en Dirección e Secretaría, unha fotocopiadora en renting a cor e tres impresoras láser monocromo para os ordenadores de sobremesa.
- Na Aula de Informática do piso superior dispoñemos dunha PDI cun PC de sobremesa obsoleto e un Canón. 24 postos de informática para o alumnado recién instalados hai uns dous cursos. Equipo de iluminación con 4 focos e 3 fondos Croma para gravar na Canle de TV as Micronovas cunha cámara de vídeo moi sinxela e anticuada, con moi mal sistema de son.
- Contamos con dúas tablets para uso do alumnado (premio dun concurso).
- Na Sala de profesorado existen 2 ordenadores de sobremesa que se precisaría actualizar con Discos Duros SSD para ter maior velocidade ou renovalos, un escáner con moitos anos que segue a funcionar e unha impresora láser monocromo.
- No Comedor, antes sala de Usos Múltiples, contamos con 2 micrófonos alámbricos e 1 inalámbrico, así como unha mesa de mesturas de 4 canles obsoleta e 2 altosfalantes con amplificador.
- Aula de Música PDI Multiclass, PC, Altosfalante de 300w con Bluetooth, equipo de música moderno. Piano electrónico.
- Aula de EF equipo de música obsoleto con Radio CD e Altosfalante bluetooth 30W.
- Conserxería 1 Equipo Multicopista e unha fotocopiadora branco e negro en renting.

Servizos dixitais:

- Servizos dixitais educativos: contamos cos servizos propostos pola Consellería: páxina web do centro, aula virtual, abalarmóbil, webex ou falemos... Ademais contamos con conta de Gmail, Facebook e Youtube.
- A Biblioteca do centro conta cun Blogue para a difusión do seu traballo.
- A xestión do equipamento do centro está contratada cunha empresa externa. As incidencias menores que xorden habitualmente son solventadas polo equipo TIC.
- O plan de contingencia do centro establece os mecanismos de actuación en caso de non ser posible o ensino presencial.

2.2 Fontes empregadas para a análise DAFO

Resultados da 1ª Proba SELFIE de cada etapa educativa na seguinte táboa:

Areas	Grupos	Ensinanzas				
		Primaria	ESO	Bacharelato	FP	Ed. Post sec.
A -Liderado	Equipo Direct.	3.6				
	Profesorado	3.5				
	Alumnado					
B- Colaboración e redes	Equipo Direct.	3				
	Profesorado	3.2				
	Alumnado	4.1				
C- Infraestruturas e Equipos	Equipo Direct.	3.7				
	Profesorado	3.6				
	Alumnado	4.5				
D- Desenvolvemento profesional continuo	Equipo Direct.	3.9				
	Profesorado	4				
	Alumnado					
E- Pedagogía: Apoio e Recursos	Equipo Direct.	3.7				
	Profesorado	3.9				
	Alumnado					
F- Pedagogía: Implementación na aula	Equipo Direct.	3.7				
	Profesorado	3.3				
	Alumnado	4.2				
G- Prácticas de avaliación	Equipo Direct.	3.6				
	Profesorado	2.9				
	Alumnado					
H- Competencias dixitais do alumnado	Equipo Direct.	3.2				
	Profesorado	3.6				
	Alumnado	4.4				

Resultados do Test CDD:

Participación segundo perfil do profesorado

	N.º profesorado que participa	N.º profesorado total	% participación
DEFINITIVO	17	19	89,5%
PROVISIONAL	2	3	66,7%
INTERINO	1	1	100%
SUBSTITUTO	5	6	83,3%
DESPRAZADO	2	3	66,7%

2.1. Puntuación e nivel de competencia do centro

Puntuación media do test (sobre 192)	Nivel de competencia	Puntuación media do test en Galicia (sobre 192)	Nivel de competencia en Galicia
86,1	Integrador (B1)	76,4	Integrador (B1)

2.2. Puntuación e nivel de competencia por etapas

	Puntuación media do test (sobre 192)	Nivel de competencia	Puntuación media do test en Galicia (sobre 192)	Nivel de competencia en Galicia
INF	67,1	Integrador (B1)	68,2	Integrador (B1)
PRI.	92,3	Integrador (B1)	77	Integrador (B1)
F.P				

2.3. Distribución do profesorado por niveis

	Total profesorado no nivel de competencia	% de profesorado participante neste nivel
A1	2	7.4%
A2	7	25,9%
B1	9	33,3%
B2	5	18,5%
C1	3	11,1%
C2	1	3.7%
TOTAL	27	99,9%

2.3. Análise DAFO

A partir do Informe SELFIE e Test CDD, o centro xenerou unha análise DAFO que permite o coñecemento da realidade do centro no eido dixital e facilita a elaboración das liñas fundamentais do Plan Dixital en termos de obxectivos e accións a desenvolver.

INTERNOS		FORTALEZAS	DEBILIDADES
CATEGORÍAS	INFRAESTRUTURAS-EQUIPAMENTO	<ol style="list-style-type: none"> Dispositivos dixitais para o ensino Nota 4,2 (C2) Acceso a Internet . Nota 4,3 (C3) Dispositivos dixitais para aprendizaxe Nota 4,2 (C10) Infraestructura Nota 4 (C1) Asistencia Técnica Nota 4. (C5) 	
	PERSOAL DOCENTE	<ol style="list-style-type: none"> Recursos educativos en Liña 4,3 (E1) Buscamos recursos educativos en liña Nota 4,3 Participación na FPP. Nota 4,2 (D2) Comunicación coa comunidade Educativa Nota 4,2 (E4) 	<ol style="list-style-type: none"> Tempo para explorar o ensino dixital. Media 2,6 (A4) Emprego NNTT para que o alumado Autoreflexión sobre a aprendizaxe. Nota 3. (G5) Profesorado valora as aprendizaxes adquiridas sobre NNTT fóra do centro educativo Media 3,1. (G10)

		5. Debatermos no Claustro sobre necesidades FPP Nota 4. (D1)	
	PERSOAL NON DOCENTE		
	ALUMNADO	<p>1. Habilidades Dixitais para diferentes materias Media 4. (H10)</p> <p>2. Alumnado aprende a actuar maneira segura en internet Media 3,9. (H1)</p> <p>3. Alumnado aprende a actuar maneira responsable en internet Media 3,9. (H3)</p> <p>4. Alumnado aprende comunicarse utilizando tecnoloxías dixitais. Media 3,9. (H8)</p> <p>5. Verificar calidade da información e as fontes Media 3,8. (H4)</p>	<p>1. Traer o propio dispositivo Media 2. (C13)</p> <p>2. Aprender a Codificar ou programar Nota2,9 (H11)</p> <p>3. Resolver problemas técnicos Nota 3 (H13)</p>
	FAMILIAS	1. Case tódalas familias dispoñen cando menos dun móbil con internet.	1. Traer o propio dispositivo Media 2. (C13)
	OFERTA	<p>1. Desenvolvemos Estratexia dixital en colaboración co Profesorado Media 3,7. (A2)</p> <p>2. Equipo directivo apoia profesorado para explorar novas modalidades ensino dixital Media 3,7 (A3)</p>	<p>1. Tempo para explorar o ensino dixital . Nota 2,6 (A4)</p> <p>2. Sinerxias para o ensino e o aprendizaxe a distancia Media 2,9. (B4)</p>
	ORGANIZACIÓN DO CENTRO	<p>1. Centro dispón Asistencia técnica cando xorden problemas. Media 4. (C5)</p> <p>2. Os espazos físicos facilitan o E-A con tecnoloxía dixital Media 3,6. (C14)</p> <p>3. Profesorado facilita Tecnoloxías dixitais para Documentar a súa aprendizaxe. Media 3,5 (G8)</p>	<p>1. Alumnado pode Traer o propio dispositivo e utilízalos nas clases Nota 2. (C13)</p> <p>2. Sinerxias para a aprendizaxe Híbrida. Nota 2,9. (B4)</p> <p>3. Centro ten medidas identificar retos Fenda Dixital Nota 3,2. (C11)</p>

EXTERNOS		OPORTUNIDADES	AMEAZAS
CATEGORÍAS	ADMINISTRACIÓN EDUCATIVA	<p>1. Participación no programa Edixgal en 3º Ciclo.</p> <p>2. Servizo Premium de asesoramento e resolución incidencias informáticas.</p> <p>3. Participación no Programa DIGICRAFT.</p> <p>4. Plans sobre NNTT; Director de Convivencia escolar e Plan Navega con Rumbo</p> <p>5. Plans de Formación de Profesorado; PFPP, Seminarios e grupos de Trabajo.</p>	<p>1. Falta de eficacia arranxo nos equipos informáticos e PDI que non sexa EDIXGAL.</p> <p>2. Falta de actualización de equipos informáticos e PDI.</p> <p>3. Sobrecarga de horario lectivo e Falta de horas para innovar</p> <p>4. Burocracia excesiva que limita posibilidades de adicar tempo a innovar.</p> <p>5. Sucesión interminable de Leis Educativas sen gran acordo Nacional.</p>
	LEXISLACIÓN		1. Non se valora suficientemente ao Equipo TIC con recoñecementos horarios, puntuación ou suplementos económicos pola súa labor

CONTORNA	<ol style="list-style-type: none"> Existencia de varias empresas na contorna para apoio informático. Existencia dun ciclo de Informática enfrente, no IES Lois Peña Novo para colaborar. Colaboración con centro formación FP no programa Eduemprende. 	<ol style="list-style-type: none"> Mala Cobertura do Internet no rural. Non disposición de ordenadores en tódolos fogares
ANPA	<ol style="list-style-type: none"> Sensibilidade e colaboración da ANPA. Actividade extraescolares de programación Scratch 	
OUTRAS ENTIDADES		

3. Plan de Acción

Este Plan de Acción poderase adaptar segundo as necesidades humanas e materiais que xurdan.

3.1. Obxectivos, indicadores e accións

Despois da análise e debate elaboramos o Plan de Acción a partir da análise DAFO:

Establecemos dúas áreas prioritarias e a partir delas determinamos os obxectivos (que teñen que ser específicos, medibles, alcanzables, relevantes e axustados a un marco temporal) que queremos conseguir. Estes obxectivos estarán contextualizados a áreas de mellora en relación coas do marco DigCompOrg.

As Áreas de actuación prioritaria que determinamos no grupo de traballo foron:

- H - Competencias Dixitais do Alumnado.

- B - Colaboración e Redes

-

Nas Táboas establecemos ata onde queremos chegar para cada un dos obxectivos e con que elementos. Esta información reportarana os indicadores e os seus valores de partida e de chegada.

Determinamos unhas tres accións para conseguir cada obxectivo, e definimos o responsable ou responsables en cada acción, acordamos do mesmo xeito unha temporalización e concreción dos recursos necesarios.

Para cada obxectivo cumprimentouse unha táboa que recolle toda esta información. A mesma táboa empregarase para facer o seguimento de cada obxectivo na fase de avaliación do Plan .

3.2. Necesidades de equipamento e de infraestruturas tecnolóxicas

Equipamento e Necesidades:

- Nas Aulas Non-Edixgal precisaríamos un PC para busca de información ou consulta do alumnado Tamén podería ser unha boa idea unha táblet por aula con ese fin.
- **Aulas:** Dotar de 4 PDI ás aulas que non faltan e renovar ou solucionar as outras 4 que teñen fallas nos PC's ou na PDI.
- **Aula específica:** dotala cun **ordenador con pantalla táctil** para que o seu alumnado teña acceso ao mesmo, dotala dunha **táblet** moi motivadora e imprescindible para o alumnado da mesma e unha **fotocopiadora en cor**, xa que en case tódolos casos o alumnado precisa material manipulativo moi específico elaborado polas mestras da aula.
- **Biblioteca:** dotar de **3 ordenadores para consulta**, realización de traballos do **alumnado** ou lectores na Biblioteca. **Renovar PC de xestión de Biblioteca** ao estar danada a tarxeta de imaxe que conecta ao canón e a súa velocidade. **Canle de TV e RadioLandra.** Precisamos mellorar o son e a imaxe para retomar as Micronovas TV Insua e compatibilizalo coa creación de RadioLandra na Biblioteca: sería bo contar cun **portátil** para este espazo, unha **cámara de vídeo con calidade dixital**, **6**

micrófonos shure sm58 cos seus **soportes e cable con conectores xlr**, **mesa de mesturas Soundcraft efx8**, **Fondo Croma Novo para ampliar o que temos.**

- Na **Sala de Mestres** renovar con disco duro SSD de 500 gb os dous postos informáticos e incrementar un posto máis polo número de profesorado, 29 en total, para traballo dos mestres .
- **Sala Informática:** renovar o PC da PDI ou actualízalo cun Disco Duro ssd por obsoleto co obxecto de optimizar as presentacións de cursos, presentacións, conferencias coa PDI deste espazo.
- **Dirección** Renovar equipo de Megafonía obsoleto por un moderno que admita mp3, usb, tarxetas de memoria... optimizaría o Plan Móvete + do Plan Proxecta, as Coreografías, os avisos os timbres de cambio de hora.

Infraestrutura:

- Actualizar a instalación eléctrica
- Pavillón Deportivo: dotar de megafonía, acceso a Internet e unha unidade de PC este espazo para poder facer presentación, ver videos de técnica, coreografías modelo...

Táboa para o noso Obxectivo 1 do Plan de Acción

"Área/s de mellora": COMPETENCIAS DIXITAIS DO ALUMNADO						
OBXECTIVO 1:	Formas ao alumnado de primaria para adquirir competencias dixitais básicas. (H11*-H13*)				Acadado	
RESPONSABLE:	Persona titora de cada grupo				Non acadado	
INDICADOR/ES DO OBXECTIVO	Número de sesións lectivas adicadas á ensinanza de competencias dixitais					
Valor de partida	0					
Valor previsto e data	1 sesión semanal por geupo			Data : 20/06/2023		
ACCIÓNS A DESENVOLVER						
DESCRICIÓN	RESPONSABLES	DATA PREVISTA FIN	RECURSOS NECESARIOS	SEGUIMENTO DA ACCIÓN		
				VALORACIÓN DA ACCIÓN	ESTADO	
AO1.1: Organizar un horario no que todos os niveis teñan unha hora á semana dispoñible a aula de informática.	Persona encargada da Xefatura de Estudos	30/09/2022	Horarios xerais do centro		Realizada	
					Aprazada	
					Pendente	
AO1.2: Facer unha programación de obxectivos a traballar e secuencias dos mesmos segundo o nivel que curse o grupo clase.	Persona titora de cada grupo aula	10/09/2022	Ordenador		Realizada	
					Aprazada	
					Pendente	
AO1.3: Acudir á Aula de Informática e levar a cabo a programación realizada.	Persona titora de cada grupo.	20/06/2023	Aula de Informática Ordenadores Conexión a Internet		Realizada	
					Aprazada	
					Pendente	

*H11: Aprender a Codificar ou programar * H13: Resolver problemas técnicos.

Táboa para o noso Obxectivo 2 do Plan de Acción

"Área/s de mellora": COLABORACIÓN E REDES						
OBXECTIVO 2:	Continuar coa formación do profesorado para mellorar as sinerxias de ensinanza-aprendizaxe a distancia e híbrida (B4*)				Acadado	
RESPONSABLE:	Persona Coordinadora de TICS				Non acadado	
INDICADOR/ES DO OBXECTIVO	Mellora do resultado no Test Selfie das preguntas relativas á firmación do profesorado					
Valor de partida	Resultados do Test Selfie actuais (2.9)					
Valor previsto e data	Mellora dos resultados (3-4)			Data 15/06/2023		
ACCIÓNS A DESENVOLVER						
DESCRICIÓN	RESPONSABLES	DATA PREVISTA FIN	RECURSOS NECESARIOS	SEGUIMENTO DA ACCIÓN		
				VALORACIÓN DA ACCIÓN	ESTADO	
AO2.1: Crear un Grupo de Traballo (PFPP) para seguir traballando na aprendizaxe-ensinanza híbrida e a distancia.	Persona coordinadora TICS	30/05/2023	Ordenadores Conexión a Internet		Realizada	
					Aprazada	
					Pendente	
AO2.2: Realización dunha unidade de aprendizaxe na Aula Virtual cada docente do PFPP.	Docentes integrantes do PFPP	30/05/2023	Ordenadores Conexión a Internet		Realizada	
					Aprazada	
					Pendente	
AO2.3: Organizar as Unidades de Aprendizaxe creadas na Aula Virtual do Centro.	Rquipo TICS	30/05/2023	Ordenadores Conexión a Internet		Realizada	
					Aprazada	
					Pendente	

*B4: Sinerxias para a aprendizaxe mixta.

4. Avaliación do plan

O proceso avaliador terá dous momentos diferenciados:

- A avaliación periódica levarase a cabo ao remate de cada trimestre académico. Valoraranse o desenvolvemento das accións, as propostas de mellora e os recursos empregados.
- A avaliación final levarase a cabo ao remate do curso 2022/2023. Valorarase o grao de consecución dos obxectivos propostos e das posibles suxestións de mellora.

5. Difusión do plan

Acordouse no seo do claustro, empregar as seguintes canles de comunicación do plan a toda a comunidade educativa:

- Comunicación ao Consello Escolar do centro.
- Publicación na páxina web do centro.
- Información ás familias na reunións do principio do curso.

27013338_CEIPAntoniInsuaBermúdez_PlanDixital_V1.0_10062022